

A close-up photograph of several yellow tulips in a field. The tulips are in various stages of bloom, with some fully open and others still budding. The background is a soft, out-of-focus field of more yellow tulips. A white arrow with a black outline is positioned on the right side of the image, pointing towards the right.

“MUDAR A NARRATIVA”

**DÍA MUNDIAL PARA A
PREVENCIÓN DO SUICIDIO**

O LEMA “**MUDAR A NARRATIVA**”, INTERPÉLANOS COMO SOCIEDADE E COMO PROFESIÓN: PRECISAMOS DEIXAR DE MIRAR O SUICIDIO COMO UN FEITO ILLADO OU INDIVIDUAL PARA ENTENDELO COMO UNHA REALIDADE COMPLEXA, ATRAVESADA POR FACTORES SOCIAIS, ECONÓMICOS E ESTRUCTURAIS.

A FALTA DE VIVENDA DIGNA, A PRECARIIDADE LABORAL, A SOIDADE NON DESEXADA, A VIOLENCIA DE XÉNERO OU A EXCLUSIÓN SOCIAL SON DETERMINANTES DE DOR EXTREMA QUE NON PODEMOS IGNORAR.

**DÍA MUNDIAL PARA A
PREVENCIÓN DO SUICIDIO**

DENDE O COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA DEFENDEMOS QUE A PREVENCIÓN DO SUICIDIO REQUIRE:

- **UNHA PERSPECTIVA CRÍTICA E COMUNITARIA:** MUDAR A NARRATIVA IMPLICA ESIXIR POLÍTICAS PÚBLICAS QUE GARANTAN CONDICIÓNS DE VIDA DIGNA E O REFORZO DO BENESTAR COLECTIVO.
- **ACOMPANÑAMENTO SOCIAL ESPECIALIZADO:** O TRABALLO SOCIAL É CLAVE NA DETECCIÓN PRECOZ, NO APOIO ÁS FAMILIAS E CONTORNAS, E NO SOSTEMENTO DOS PROCESOS DE VIDA DESDE A PROXIMIDADE E A GARANTÍA DE DEREITOS.
- **MENOS ESTIGMA, MÁIS REDE:** FALAR DO SUICIDIO SALVA VIDAS, PERO ACOMPAÑAR NA VULENRABILIDADE E CONSTRUÍR REDES DE APOIO COMUNITARIAS SOSTIBLES E ACCESIBLES É QUE TRANSFORMA REALIDADES.

**DÍA MUNDIAL PARA A
PREVENCIÓN DO SUICIDIO**

O TRABALLO SOCIAL ESTÁ NO ACOMPAÑAMENTO, NA DEFENSA DOS DEREITOS E NA CONSTRUCCIÓN DE VIDAS QUE MEREZAN SER VIVIDAS.

SE PRECISAS APOIO OU COÑECES A ALGUÉN QUE O PRECISE:

024 LIÑA DE ATENCIÓN Á CONDUTA SUICIDA
061/112 URXENCIAS

**DÍA MUNDIAL PARA A
PREVENCIÓN DO SUICIDIO**